

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E "AMICOS," ASOCIACIÓN AMICOS PARA A ATENCIÓN E INTEGRACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL, AUTISMO, PARÁLISE -DANO CEREBRAL E AS SÚAS FAMILIAS, PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A AMPLIACIÓN DA CAPACIDADE DIXITAL E TECNOLÓXICA DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA, NEXTGENERATIONEU, NO EJERCICIO 2026

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade..

A asociación Amicos, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro de asociacións co número 2000/0008499-1, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. Foi declarada de interese público por Orde INT/20958/2006-BOE 28/09/2006.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais có número E-1306.

A Asociación Amicos é unha entidade sen ánimo de lucro constituída no ano 2000 por familias de persoas con discapacidade intelectual, co obxectivo de garantir a súa inclusión plena na sociedade, o respecto aos seus dereitos e o desenvolvemento integral ao longo de todo o ciclo vital, e a mellora na calidade de vidas das persoas con discapacidade intelectual e das súas familias, mediante unha atención personalizada de calidade. Con sede central en Comoxo (Boiro). Conta cun Centro de Atención Integral (CAI) que aglutina múltiples servizos destinados á atención de persoas adultas con discapacidade, ofrecendo atención residencial, terapéutica, ocupacional, de día, e de rehabilitación, entre outros.

Por Acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia do 30 de abril de 2021, aprobouse a distribución territorial dos créditos correspondentes a 2021 para o financiamento de proxectos de investimento das comunidades autónomas, e as cidades de Ceuta e Melilla, no marco do compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social" do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.



Por Resolución da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais do 11 de setembro de 2021, (Boletín Oficial do Estado núm. 230, de 25 de setembro de 2021) publicouse o Convenio entre o entón Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia, o cal prevé no seu Anexo III a relación de proxectos a executar.

Por Resolución de 9 de agosto de 2024 e Resolución de 27 de febreiro de 2026, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, publícanse sendas Addendas de modificación do Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (BOE de 3 de setembro de 2024 e 7 de marzo de 2026 respectivamente). No marco de ditas addendas continuarán ditos proxectos con cargo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia no exercicio 2026. O prazo de vixencia das addendas comprenderá ata o 31 de decembro de 2026, sen posibilidade de prórroga.

A concesión dunha subvención a través deste convenio encádrase no marco do Mecanismo de recuperación e resiliencia, dentro do eixe/compoñente 22: economía dos cidadáns e reforzo das políticas de Igualdade e inclusión social, medida/investimento I2: Plan de Modernización dos Servizos Sociais, Transformación tecnolóxica, innovación, formación e reforzo da atención á infancia (proxecto nº 5 do Anexo III do convenio "Modernización tecnolóxica dos servizos sociais"); obxectivo 325, investimentos das Comunidades Autónomas para a transformación tecnolóxica e a innovación dos servizos sociais, e modernización das infraestruturas e os servizos asociados á atención á infancia e a adolescencia.

O obxecto do presente convenio é a colaboración por parte da Consellería de Política Social e Igualdade con "AMICOS", Asociación Amicos para a atención e integración de persoas con discapacidade intelectual, autismo, parálise-dano cerebral e as súas familias a través da concesión directa dunha subvención destinada ao financiamento dos gastos derivados da adquisición de equipamento para a ampliación da capacidade dixital e tecnolóxica das persoas con discapacidade.

1. Considéranse actuación subvencionable a execución do investimento consistente na adquisición de equipamento de obra, por parte da entidade Asociación Amicos, para a ampliación da capacidade dixital e tecnolóxica das persoas con discapacidade.

As actuacións organízanse en catro liñas operativas: a) . Tecnoloxía asistencial e equipamento adaptado para a autonomía, seguridade e confort no Fogar Amicos

b) Infraestruturas dixitais inclusivas , capacitación tecnolóxica e produción audiovisual accesible

c) Robótica aplicada, rehabilitación tecnolóxica e estimulación sensoriomotriz para atención temperá e persoas adultas con discapacidade

d) Sistemas avanzados de estimulación multisensorial, interacción dixital e regulación emocional



Para o cumprimento da finalidade prevista na cláusula primeira deste convenio a Consellería de Política Social e Igualdade alcanzará un total de cincocentos noventa e nove mil oitocentos setenta e nove euros con sesenta céntimos (599.879,60 €), que serán imputados á aplicación orzamentaria 08.04.312E.781.2 código de proxecto 2022 00193 do orzamento da comunidade autónoma para o exercicio 2026.

Deste xeito, as actuacións a subvencionar a través deste convenio, recollidas na súa cláusula segunda, adecúanse ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Igualdade previsto no Decreto 42/2024, do 14 de abril , polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, así como o feito de que a Asociación Amicos, con sede central en Comoxo (Boiro), é a única entidade que en esa área xeográfica aglutina múltiples servizos destinados á atención de persoas adultas con discapacidade, ofrecendo atención residencial, terapéutica, ocupacional, de día, e de rehabilitación. Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións resultando xustificada a imposibilidade de promover a concorrência pública en relación ao artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Persoas con Discapacidade

Begoña Abeijón Fernández

